

Sondaxes valorativas no novo trazado da estrada Campomarzo-Abades, no contorno da mámoa nº 2 de Chousa Nova, Silleda (Pontevedra)

ANDRÉS TEIRA BRIÓN¹, CARLOS RODRÍGUEZ RELLÁN¹

A intervención arqueolóxica realizada pola empresa Gabinete de Arqueoloxía e Patrimonio S.L. efectuouse debido ao cambio de trazado da estrada Campomarzo-Abades, proxectada dentro das obras da Liña de Alta Velocidade Santiago-Ourense, tramo Lalín-Santiago e subtramo Carboeiro-Dornelas, dentro do concello de Silleda. O trazado afectaba, preto do lugar de Campomarzo, as áreas de cautela da mámoa 1 de Chousa Nova, situada uns 100 m ao NW do remate da vía de servizo e escavada por mor das obras da liña férrea (Bóveda 2009), e 40 m ao W da mámoa 2 de Chousa Nova, atopada durante os traballos de control e seguimento arqueolóxico da obra, á beira do límite sur do trazado da LAV.

A INTERVENCIÓN


A intervención, realizada en dúas fases debido á modificación do trazado da estrada durante os traballos de escavación, consistiu na escavación de 17 sondaxes de diversas dimensións, que ocuparon unha superficie total de 89 m² ao longo de 180 m. Esta área presentaba abundantes alteracións antrópicas de adscrición contemporánea, fundamentalmente relacionadas con actividades de repoboación forestal e camiños.

O contorno inmediato da mámoa 2 de Chousa Nova (sondaxes 01 a 09) resultou ser unha zona de pouca potencia edáfica, cun escaso desenvolvemento do Horizonte A, baixo o que se situaban niveis naturais de transición ao Horizonte C, composto ben por un sedimento cor vermella, pola presenza de óxidos de ferro, ou polo afloramento de material de partida de serpentinita. As sondaxes más próximas á mámoa intercalaban entre ambos os horizontes va-

rios depósitos de sedimento de areas de grande compactabilidade, botados como piso para facilitar o tránsito nunha zona de asolagamento estacional.

A intervención nesta área non deu resultados positivos desde o punto de vista arqueolóxico, ao non acharse nelas nin estruturas nin materiais de interese. Mais, durante os traballos de decapaxe, localízaronse dous líticos de material similar ao localizado no sector sur, ambos descontextualizados preto da sondaxe 04.

Na área sur, o substrato mudaba ostensiblemente de cor a unha cor laranxa moi viva e textura arxilosa. As dúas sondaxes situadas máis ao leste (16 e 17), son estratigráficamente semellantes ás da área norte. O grosor dos achados arqueolóxicos, como adiantamos, coincide coa aparición de abundantes líticos neste tramo sur da área de intervención (sondaxes 10 a 13), especialmente significativos na sondaxe 10. Os materiais atopáronse nunha área onde afloran en superficie clastos de serpentinita de grande tamaño que poden observarse sobre a superficie rozada, e entre un sedimento de matriz arxilosa, delimitada ao leste por unha crista de alinación N-S desta rocha. O achado de materiais garda certa correspondencia con esta área de diferente xeoloxía.



Localización das sondaxes e dispersión dos líticos tallados respecto á mámoa 2 de Chousa Nova. Fosa en proceso de escavación

É aquí, na sondaxe 11, onde se rexistrou a única estrutura arqueolóxica da intervención. Trátase dun corte antrópico tipo fosa de funcionalidade indeterminada (1,36 x 1,09 m, eixes E-W e N-S respectivamente, e 0,45 m de profundidade), colmatado parcialmente por un depósito onde aparece material lítico.

RESULTADOS

Ademais da fosa atopada, o punto máis destacado é a industria lítica achada (38 pezas). Industria cun forte compoñente microlítico que emprega os mesmos materiais e técnicas de talla có atopado na mámoa 1 de Chousa Nova (ver Bóveda 2009). Polo que pode resultar unha estimación crono-cultural aos materiais achados, xa que a estratigrafía non permite establecer vínculos cos túmulos próximos.

A maior parte dos materiais están realizados sobre xaspe local (33), de cor marrón clara na fractura e marrón na cortiza, que se encontra naturalmente en forma de nódulos na área de intervención, resultado da precipitación de sílice e óxidos de ferro en disolución. Tamén se empregou como soporte o seixo translúcido (2), o cristal de rocha (1), o sílex (1) e a cuarcita (1).

Segundo a descripción do Sistema Lóxico Analítico (Carbonell *et al.* 1983), a talla estivo más orientada practicamente por igual a soportes simples tipo lasca que á realización de útiles configurados, cun lixeiro dominio das bases negativas de explotación (19) fronte ás de configuración (14). Chama a atención o amplio número (9) de BN1GC recuperadas, feito pouco usual en xacementos destas cronoloxías. Esta circunstancia vén marcada polas características morfométricas das bases naturais de xaspe, na maioría bloques ou pequenas plaquetas subangulares de escaso grosor nas que con poucas extraccións se configuraría unha fronte de raspadeira plenamente operativa.

As estratexias de lascado terían sido más ben de corte extensivo, no cal as bases negativas se esgotarían en moi poucas ocasións (4) todos os planos de percusión posibles, mentres que na maioría (27) non se terían superado as fases inicial ou media de explotación. En canto ás estratexias de configuración predomina o retoque alterno.

Entre os configurados recuperados no xacemento destacan a presenza de 2 burís realizados en xaspe e seixo translúcido, unha raspadeira tamén en xaspe, e un fragmento proximal de lámina de sílex de talón puntiforme cun bifacetado moi marcado, o que podería indicar que foi extraída mediante talla por presión.

En varios artefactos (8) constatabase a presenza de pseudorretoque de emprego, observándose a presenza de microlascados en «media lúa» e micropuídos propios do uso nos fiós, observables a través dunha lupa binocular.



Núcleos e raspadeira en xaspe (arriba, de esquerda a dereita). Fragmento de lámina de sílex e buril en seixo (abaixo)

CONCLUSIÓN

Tendo en conta os resultados e a localización do achados, debemos sinalar a dificultade de establecer ante que tipo de xacemento nos atopamos. Culturalmente, ao ter en conta os paralelismos coa industria lítica documentada na mámoa nº 1 de Chousa Nova, o máis plausible é a súa vinculación aos xacementos tumulares próximos. Son dúas as hipóteses manexadas, se cadra complementarias e non necesariamente excluíntes. A primeira delas suxire a posibilidade dun lugar de explotación de materias primas e/ou posible taller primario de líticos, dada a concentración de materiais nunha área cunhas características xeolóxicas específicas dentro da zona de intervención, e onde abundan os núcleos de xaspe. Non obstante, as trazas de uso de varios dos artefactos e a existencia dunha estrutura negativa tipo fosa lévannos a unha segunda hipótese, a da existencia dunha área de ocupación ou actividade antrópica, sen poder realizar unha definición precisa desta debido ao tipo de intervención realizada.

Todos estos elementos indican unha concepción da área de Campomarzo alén do seu uso como espazo funerario durante a Prehistoria Recente. □

NOTA

¹ GEPN. Departamento de Historia I. USC.

BIBLIOGRAFÍA

- BÓVEDA FERNÁNDEZ, M. J. 2009 «Intervención arqueolólica na mámoa de Chousa Nova e no seu contorno, no termo municipal de Silleda (Pontevedra)». *Actuaciones Arqueológicas: Ano 2007*. Xunta de Galicia. 196-197.
- CARBONELL, E.; GUILBAUD, M.; MORA, R. 1983 «Utilización de la lógica analítica para el estudio de tecno-complejos a cantos tallados». *Cahier Noir*, 1. 3-64.